



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PAULA ARES OTERO, SECRETARIA – INTERVENTORA DO CONCELLO DE LOUSAME (A CORUÑA) DO QUE É ALCALDESA-PRESIDENTA DONA MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS

CERTIFICA: Que na sesión da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día **7 de marzo de 2023** adoptouse seguinte acordo, que se transcribe dun xeito literal, salvo erro ou omisión involuntarias, e sen prexuízo da aprobación definitiva do acta:

<<3.1.- Expediente TEDeC: 2023/A002/000003.

Asunto: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE "CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES PARA A PROMOCIÓN DE FESTEXOS PARROQUIAIS NO CONCELLO DE LOUSAME, EN RÉXIME DE COMPETENCIA COMPETITIVA PARA O EXERCICIO 2022. Subvencións correspondentes ao programa PEL-CONCELLOS- Axudas ao sector das orquestras e verbenas.(PEL – Concellos OV incluído na LIÑA 1.3 do Plan de Emprego Local).

Antecedentes:

1. Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña 2022/25825 do 30.05.2022 mediante a que se aproban as bases reguladoras do programa PEL-CONCELLOS- Axudas ao sector das orquestras e verbenas (BOP núm. 102 do 31.05.2022).
2. Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña 2022/32445 do 19.07.2022 mediante a que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa PEL-CONCELLOS- Axudas ao sector das orquestras e verbenas.
3. Providencia de inicio da Alcaldía do 24.02.2023.
4. Informe do TAX sobre a lexislación e procedemento aplicable do 27.02.2023.
5. Borrador da bases reguladoras das subvencións.
6. Informe da Secretaria Interventora do 07.03.2023

Considerando conveniente efectuar a convocatoria das devanditas subvencións, visto informe do Técnico de Administración Xeral sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para convocar e conceder as subvencións, vistas a retencións de crédito realizadas nas partidas orzamentarias correspondentes así como o informe da Secretaria – Interventora, de conformidade coa Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e a Ordenanza Reguladora da Concesión de Subvencións polo Concello de Lousame, así como a Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña 2022/25825 do 30.05.2022 mediante a que se aproban as bases reguladoras do programa PEL-CONCELLOS- Axudas ao sector das orquestras e verbenas (BOP núm. 102 do 31.05.2022) e a Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña 2022/32445 do 19.07.2022 mediante a que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa PEL-CONCELLOS- Axudas ao sector das orquestras e verbenas, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos membros asistentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases da convocatoria pública para a concesión de subvencións correspondentes ao programa PEL-CONCELLOS- Axudas ao sector das orquestras e verbenas.(PEL – Concellos OV incluído na LIÑA 1.3 do Plan de Emprego Local), que figuran como anexo a este acordo, e efectuar convocatoria pública para a súa concesión.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

SEGUNDO.- Autorizar os gastos polos importes e con cargo ás aplicación orzamentarias que se indican a seguir, do Orzamento do Concello para o actual exercicio de 2023:

Aplicación orzamentaria.		Contía total máxima €
334.480.00	Festexos populares	5.000,00
TOTAL		5.000,00

TERCEIRO.- Publicar a dita convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións, na sede electrónica do Concello de Lousame e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

ANEXO

BASES POLAS QUE DEBE REXERSE A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PARA A PROMOCIÓN DE FESTEXOS PARROQUIAIS NO CONCELLO DE LOUSAME, EN RÉXIME DE COMPETENCIA COMPETITIVA PARA O EXERCICIO 2022.

Subvencións correspondentes ao programa PEL-CONCELLOS- Axudas ao sector das orquestras e verbenas.(PEL – Concellos OV incluído na LIÑA 1.3 do Plan de Emprego Local).

1.- OBXECTO

Esta convocatoria ten por obxecto establecer o procedemento e criterios para a concesión de subvencións no ámbito do termo municipal de Lousame para a “Organización de festas parroquiais”, en réxime de concorrência competitiva e de acordo cos principios de obxectividade, igualdade de concorrência e publicidade.

A convocatoria vai dirixida a fomentar a labor de entidades culturais e veciñais para contribuír a que acaden os obxectivos que lles son propios, en relación ao impulso da participación activa da cidadanía para celebrar e conservar as festas parroquiais de maior tradición e arraigo, xurdidas da iniciativa popular e que forman parte da nosa identidade e memoria colectivas.

O Concello subvencionará os proxectos que presenten as entidades e organizacións do sector cultural municipal para organizar as festas de cada parroquia, dirixidos a conseguir os seguintes obxectivos específicos:

- Organizar as celebracións da festividade patronal de cada parroquia.
- Fomentar a colaboración cidadá para organizar proxectos do interese da parroquia.
- Conservar as tradicións culturais a través dos festexos populares e das manifestacións relacionadas coa memoria colectiva.
- Crear eventos e espazos para a convivencia lúdica e cultural.
- Colaborar entre administracións e entidades que comparten obxectivos de interese xeral.

Estes obxectivos correspóndense cos establecidos na LS 4.2 “Subvencións dirixidas ás entidades do Concello de Lousame que organicen festas patronais parroquiais” do Plan Estratéxico de Subvencións vixente do concello de Lousame.

2.- FINANCIAMENTO, CONTÍAS E LÍMITES.

O crédito para financiar as axudas reguladas nestas bases é integramente financiado por parte do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio ambiente da Deputación Provincial da Coruña conforme á Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña 2022/32445 do 19.07.2022 mediante a que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ao programa PEL-CONCELLOS- Axudas ao sector das orquestras e verbenas.(PEL – Concellos OV incluído na LIÑA 1.3 do Plan de Emprego Local).

3.- DESTINATARIOS

Son destinatarios desta axuda ás comisións e asociacións organizadoras de festas patronais e populares do Concello de Lousame, que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Dispoñer de personalidade xurídica e capacidade de obrar acreditada mediante a asignación pola Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado do correspondente número de identificación fiscal (CIF/NIF)
- b) Carecer de fins de lucro.
- c) Desenvolver as súas actividades no Concello de Lousame.
- d) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda ante o concello no que desenvolve a súa actividade para o mesmo obxecto para o que solicita a axuda.
- e) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas e locais, e coa seguridade social.
- f) Non estar incursos en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

4.- REQUISITOS DAS ORQUESTRAS A CONTRATAR.

As empresas titulares de orquestras que se van contratar deberán cumprir cos requisitos seguintes:

1. Ter o seu domicilio fiscal e social en Galicia.
2. Ter unha antigüidade mínima de 2 anos de exercicio continuado na actividade, a considerar dende a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, segundo a información recollida no certificado de situación censal da entidade.
3. Declarar responsablemente que ten unha composición mínima de 6 membros, dos cales alomenos 4, deberán na súa actuación tocar un instrumento musical.
4. Declarar responsablemente que o 80 por cento da súa actividade céntrase na organización de espectáculos e actuacións musicais en vivo.

5.- CONDICIÓNES ESPECÍFICAS.

O importe do conxunto de axudas ou subvencións concedidas polas distintas administracións públicas non poderá ser superior ao orzamento presentado da asociación.

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade

A obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención percibida en caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

A obriga das Comisións beneficiarias de facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos fiscalizadores públicos no exercicio das súas funcións.

Facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixeren das actividades ou investimentos subvencionados, así como na súa páxina web.

6.- PUBLICIDADE E USO DA LINGUA GALEGA.

Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a lingua galega. Os proxectos subvencionados deberá ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega, así como tamén o será dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartelería, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspecto vinculado, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

7.- PERÍODO SUBVENCIONABLE.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o **1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022**, polo que as contratacións das orquestras deberon realizarse dentro deste período e en consecuencia, non poderán imputarse ao programa de gastos realizados con posterioridade.

8.- IMPORTE DA AXUDA.

O importe total das axudas é de 5.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 338.48000, que repartiranse entre o total das solicitudes que cumpran os requisitos, e a subvención concedida será proporcional ao gasto realizado.

No caso de que as solicitudes aceptadas superen as previsións, e se exceda o crédito destinado a esta subvención, o crédito total previsto prorratearse entre as solicitudes admitidas

No caso de que non se conceda o total do importe, o sobranse repartirase a partes iguais entre as comisións/asociacións que soliciten axuda.

9.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR E PRAZO.

As asociacións ou comisións de festas interesadas en participar nesta convocatoria terán que presentar solicitude no **modelo que se adxunta como anexo I**, no Rexistro Xeral do concello, a través da sede electrónica ou de forma presencial o nalgún lugar dos previstos no artigo 16.4 da lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións públicas. Xunto coa solicitude deberá achegar a seguinte documentación:

- 1) Solicitude de subvención (Anexo I), asinada polo presidente/a da comisión ou cargo equivalente, axuntando copia do DNI do solicitante e copia do C.I.F. da Comisión ou Asociación organizadora das Festas.
- 2) Declaración xurada da persoa asinante da solicitude sinalando se solicitou ou obtivo doutro organismo algunha subvención para a realización dos mesmos programas e actividades, e a súa contía (Anexo II)
- 3) Proxecto-memoria das actividades ou programa a realizar. (Anexo III)
- 4) Declaración xurada do solicitante de non ter obrigas tributarias e coa Seguridade Social conforme á base 3 e). (Anexo IV)
- 5) Declaración responsable de que ás orquestras contratadas cumpren os requisitos recollidos no punto 4 de estas bases, sen prexuício de ter que presentar a documentación pertinente no caso de ser esixida (Anexo IV).
- 6) Certificación dos membros da Comisión/Asociación con expresión de nome, DNI e cargo que ocupa na Comisión (Anexo V)
- 7) Certificado bancario do número IBAN ou documentación similar
- 8) Achega da información (impresa, informática ou audiovisual) que fixeren das actividades ou investimentos subvencionados, onde conste a colaboración da Deputación da Coruña.

Sendo que os gastos xa tiveron lugar, para xustificar o gasto deberase achegar a seguinte documentación xustificativa da realización da actividade para a que se concedeu a subvención:

- 1) Memoria, segundo modelo que se achega, da actividade realizada para a que se solicitaba axuda para a contratación, asinada polo representante da comisión de festas que inclúa unha xustificación gráfica da actividade realizada.
- 2) Facturas relativas aos conceptos expresados nos xustificantes de gasto que serán obrigatoriamente os que foran motivo da subvención, así como unha relación das mesmas, na que se indicará o número de factura, a data de factura, o nome e CIF do proveedor, o concepto e data de realización, o importe da factura con desglose de IVE e a data do pagamento material. O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3) Xustificantes de que as orquestras contratadas:

- Teñen o seu domicilio fiscal e social en Galicia.
- Teñen unha antigüidade mínima de 2 anos de exercicio continuado na actividade, a considerar dende a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, segundo a información recollida no certificado de situación censal da entidade.
- Teñen unha composición mínima de 6 membros, dos cales alomenos 4, deberán na súa actuación tocar un instrumento musical.
- Que o 80 por cento da súa actividade céntrase na organización de espectáculos e actuacións musicais en vivo.

4) Xustificante bancario do pagamento das facturas correspondentes. Só se admitirán pagamentos en efectivo cando o importe da factura sexa inferior a 100,00 € e sen que poida ser obxecto de fraccionamento, neste caso no documento deberá aparecer xustificado a recepción do importe por parte do emisor e deberá vir acompañado da declaración do representante da comisión/asociación de que o pago foi realizado.

Unha vez xustificada a subvención e aprobada a mesma polo órgano competente, procederase a o seu aboamento.

O PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES É ATA O 24 DE MARZO DE 2023.

10.- ÓRGANO COMPETENTE PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN.

O órgano competente para a instrución do procedemento será a Alcaldía e a Xunta de Goberno Local será a competente para resolución de acordo ao disposto no resolvo segundo, apartado 4 do Decreto da Alcaldía núm. 331/2019 do 17.06.2019.

11.- PROCEDEMENTO.

Rematado o prazo de presentación, procederase á formación do expediente de cada solicitude de subvención, comprobando os documentos presentados (parte administrativa), así como o contido dos mesmos (parte técnica).

No caso de que a solicitude e documentos que acompañan non se realizase no modelo oficial entregado ao efecto, ou de que a documentación presentada fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda, requiríndoselle por escrito ao solicitante para que repare os defectos observados, quedando apercibido que de non facelo así, terase por desistido e arquivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A entidade ou solicitante que non cumpra cos requisitos esixidos no momento da presentación da solicitude non poderá optar á subvención solicitada, notificándosele a resolución de arquivo do expediente.

A cada expediente será incorporado un informe de avaliación provisional realizado polo técnico correspondente.

Os expedientes que reúnan as condicións para continuar coa súa tramitación, serán remitidos á Comisión de Valoración, que poderá solicitar o asesoramento dos técnicos que estime necesarios e informe técnico do departamento tramitador, se así o considerase oportuno.

A composición da Comisión de Valoración estará integrada polo seguintes membros:

- María Teresa Baluja Arestio. Traballadora do departamento de cultura do concello de Lousame.
- Eduardo Agraso Maneiro. Traballador do departamento de cultura do concello de



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Lousame.

- José Martínez Redondo. Traballador do departamento de secretaría do concello de Lousame.

A Comisión de Valoración emitirá informe expresando a relación de solicitantes para os que se propón a concesión ou denegación da subvención, a súa contía, causas de denegación, así como o importe, que deberá ser xustificado.

O órgano instrutor, á vista do informe da Comisión de Valoración, formulará unha proposta de resolución motivada ao órgano competente para resolver.

Resolución do órgano competente aprobando ou denegando a concesión de subvencións, que deberá ser notificada aos beneficiarios no prazo de dez días desde que se adopte o acordo.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento no poderá exceder de seis meses, período que se computará a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes. O silencio da Administración terá carácter desestimatorio.

Aceptación por parte dos beneficiarios nun prazo de dez días desde a notificación da resolución. Transcorrido este prazo, sen que se producira manifestación algunha expresa entenderase tacitamente aceptada.

Publicidade das subvencións concedidas, nos casos que proceda e, en todo caso, na sede electrónica do Concello, ou aqueles outros establecidos por Lei. Remítirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) información sobre as subvencións concedidas; xa que a BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

12.- XUSTIFICACIÓN E PAGO.

Unha vez xustificada a subvención, e aprobada a mesma polo órgano competente, procederase a o seu aboamento.

13.- CONTROL FINANCIERO.

As subvencións concedidas polo Concello de Lousame están suxeitas a control financeiro por parte dos órganos competentes do Concello.

14.- REGULACIÓN SUPLETORIA.

En todo o non previsto nas presentes bases a concesión desta subvención regularase polo disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, o regulamento que a desenvolve, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia a Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións e as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Lousame.

15.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Para os efectos de salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas deben quedar incorporadas ao Rexistro Público de Subvencións.

Lousame, na data da sinatura dixital

A Alcaldía

M^a Teresa Villaverde Pais



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ANEXO I

SOLICITUDE PEL CONCELLOS AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTRAS E VERBENAS 2022.

Nome da asociación/Comisión de festas	
Nome do representante en calidade de: Presidente/a ☐ Secretario/a ☐	
Dirección postal:	
Número de teléfono:	
Correo electrónico a efectos de notificación:	

Vista a convocatoria de axudas ao sector das orquestras e verbenas 2022 convocada por este Concello no marco do PEL -CONCELLOS- Axudas ao sector das orquestras e verbenas da liña 1.3 do plan de emprego local da Deputación da Coruña, xunto co presente escrito de solicitude aporto:

- ☐ Copia do DNI do representante da asociación.
- ☐ Copia do CIF da Asociación.
- ☐ Declaración xurada da persoa asinante da solicitude sinalando se solicitou ou obtivo doutro organismo algunha subvención para a realización dos mesmos programas e actividades, e a súa contía. (Anexo II)
- ☐ Proxecto - memoria de actividades ou programa a realizar (Anexo III)
- ☐ Declaración xurada do solicitante de non ter obrigas tributarias e coa Seguridade Social conforme a base 3.e) (Anexo IV)
- ☐ Declaración responsable de que ás orquestras a contratar cumpren os requisitos recollidos no punto 4 destas bases, sen prexuízo de ter que presentar a documentación pertinente no caso de ser esixida. (Anexo V)
- ☐ Certificación dos membros que integran a Comisión ou a Xunta directiva da asociación con expresión do nome, DNI e cargo que ocupa na comisión ou Asociación. (Anexo VI)
- ☐ Certificado bancario do número IBAN ou documento similar.

Que **AUTORIZA AO CONCELLO DE LOUSAME** para que consulte os seguintes datos referentes a asociación:

1	DNI do Presidente/a
2	Certificado de domicilio fiscal
3	Consulta de estar ao día nas súas obrigas tributarias coa AEAT
4	Consulta de esta ao día no pagamento á Seguridade Social.
5	Consulta de estar ao día nas súas obrigas coa Atriga.

E, **SOLICITA:** Que se teña por presentado este escrito xunto coa documentación que se acompaña, se admita, e se teña por solicitada axuda ao sector das orquestras e verbenas 2022 convocada por este Concello no marco do "PEL -CONCELLOS- Axudas ao sector das orquestras e verbenas da liña 1.3 do plan de emprego local da Deputación da Coruña", e se leven a cabo os trámites necesarios para a concesión da mesma.

Asinado.

A Representante da Asociación.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ANEXO II.

Nome da asociación/Comisión de festas	
Nome do representante en calidade de: Presidente/a ☐ Secretario/a ☐	
Dirección postal:	
Número de teléfono:	
Correo electrónico a efectos de notificación:	

Fai a seguinte **DECLARACIÓN XURADA**:

- Que a asociación a que represento:
☐ Non obtivo outras axudas ou subvencións para as mesmas finalidade provenientes de calquera outra administración pública, particulares ou entidades privadas.
☐ Obtivo outras axudas ou subvencións para as mesmas finalidade provenientes de calquera outra administración pública, particulares ou entidades privadas por importe de _____ €
- Que ☐ Non existe concorrencia con outras axudas municipais.
☐ Existe concorrencia con outras axudas municipais.
- Que nin o declarante nin a asociación a que represento estamos incursos nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública previstas no art. 13 da Lei 38/2009, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

En Lousame,

O/a Presidente/a da asociación.

ANEXO III



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

MEMORIA DE ACTIVIDADES ÁS QUE SE VAI DESTINAR A SUBVENCIÓN 2022 DO CONCELLO no marco do PEL -CONCELLOS- Axudas ao sector das orquestras e verbenas da liña 1.3 do plan de emprego local da Deputación da Coruña.

1.- DATOS DA ENTIDADE.

Denominación:	
Núm. de inscrición no Rexistro municipal:	
Núm. de inscrición no Rexistro autonómico:	
Domicilio:	
Correo-e para notificacións:	
Fins estatutarios:	

2.- NÚMERO DE SOCIOS.

Número actual de socios:	
--------------------------	--

3.- ACTIVIDADE Á QUE SE VAI ADICAR A SUBVENCIÓN.

Denominación da actividade e descrición da mesma:	Detallar polo miúdo á actividade que se vai sufragar con cargo subvención nominativa				
Lugar de celebración da actividade.					
Duración aproximada da actividade:					
Custo da actividade:					
Desglose dos custos:	Desglose polo miúdo dos custes previstos da actividade á que se vai dedicar a subvención incluíndo custes de persoal, materiais, etc, sinalando conceptos e importes.				
Nome da Orquestra e CIF.	Data de actuación	Número de factura	Data da factura	Importe	Data de pago

4.- BENEFICIARIOS DA ACTIVIDADE:

Número aproximado de beneficiarios da actividade:	
---	--

Axuntase a seguinte documentación:

- ☐ Documentación gráfica da actividade realizada.
- ☐ Facturas das orquestras integradas por alomenos 6 membros do que 4 tocan instrumentos, con unha antigüidade mínima de 2 anos de exercicio continuado da actividade e que o 80% da súa actividade céntrase na organización de espectáculos e actuacións musicais en vivo e que teñan o seu domicilio fiscal e social en Galicia.
- ☐ Acreditación de pago das facturas.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Asinado.
A Representante da asociación.

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Nome da asociación/Comisión de festas	
Nome do representante en calidade de: Presidente/a ☐ Secretario/a ☐	
Dirección postal:	
Número de teléfono:	
Correo electrónico a efectos de notificación:	

Considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e o artigo 27 do R/D 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei, así como no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e o seu regulamento, **DECLARA RESPONSABLEMENTE** ante o Concello de Lousame, co fin de que a entidade á que represento obteña a condición de beneficiaria da subvención nominativa 2022:

- Non foi condenada mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- Non solicitou a declaración de concurso, nin foi declarada insolvente en calquera procedemento, nin está declarada en concurso, nin esta suxeita a intervención xudicial nin está inhabilitada conforme á Lei Concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- Non deu lugar, por causa da que fose declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- Non esta incursa, ou os administradores ou representantes legais, nalgún dos supostos da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.
- Achase ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Non ten a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- Non foi sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei Xeral de Subvencións ou a Lei Xeral Tributaria.
- Non está incursa nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.
- Non ten indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei Orgánica 1/2002.
- No caso de que a Entidade resulte beneficiaria da subvención solicitada, comprométese a manter o cumprimento destes requisitos durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- k) Así mesmo, declara realizar as actuacións obxecto de subvención sen ánimo de lucro, xustificar, no seu caso, as subvencións recibidas con anterioridade para os fins previstos

Asinado

O Representante da asociación.

ANEXO V

Nome da asociación/Comisión de festas	
Nome do representante en calidade de: Presidente/a ☐ Secretario/a ☐	
Dirección postal:	
Número de teléfono:	
Correo electrónico a efectos de notificación:	

DECLARA RESPONSABLEMENTE :

- Que reúne os requisitos para ser beneficiario das axudas convocadas polo concello de Lousame no marco do PELCONCELLOS- AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTRAS E VERBENAS INLCUÍDO NA LIÑA 1.3 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA.
- Dispoñer de personalidade xurídica e capacidade de obrar acreditada mediante a asignación pola Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado do correspondente número de identificación fiscal (CIF/NIF)
- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no Concello de Lousame
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda ante o concello no que desenvolve a súa actividade para o mesmo obxecto para o que solicita a axuda.
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas e locais, e coa seguridade social, segundo o punto 3 e) das bases.
- Non estar incursos en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.
- **Que as orquestras que se contrataron reúnen todos e cada un dos requisitos sinalados na base cuarta da convocatoria:**

1. Ter o seu domicilio fiscal e social en Galicia.
2. Ter unha antigüidade mínima de 2 anos de exercicio continuado na actividade, a considerar dende a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, segundo a información recollida no certificado de situación censal da entidade.
3. Declarar responsablemente que ten unha composición mínima de 6 membros, dos cales alomenos 4, deberán na súa actuación tocar un instrumento musical.
4. Declarar responsablemente que o 80 por cento da súa actividade céntrase na organización de espectáculos e actuacións musicais en vivo.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Asinado
O Representante da asociación.

ANEXO VI

Nome da asociación/Comisión de festas	
Nome do Secretario/a ☐	
Dirección postal:	
Número de teléfono:	
Correo electrónico a efectos de notificación:	

Que como secretario/a da Comisión/Asociación **CERTIFICO:**

Que os membros que formas parte desta Comisión/asociación son os seguintes:

Nome e apelidos:	NIF:	Cargo:

En Lousame a ____ de _____ de 2023.
O Secretario.

Ás 14:00 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Lousame, na data da sinatura dixital.

A secretaria, Paula Ares Otero

A alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais>>

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente, de orde e co visto e praxe da Sra. alcaldesa, en Lousame na data da sinatura dixital

A Secretaria-interventora.
Paula Ares Otero.

Visto e praxe da Alcaldía.
M^a Teresa Villaverde Pais